

Recurso nº 121/2019**Resolución nº 112/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 21 de maio de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto pola ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESAS DE LIMPIEZA contra os pregos da licitación do contrato do servizo de limpeza dos edificios e instalacións dependentes do Concello de Tui, expediente 263/2019, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Concello de Tui convocouse a licitación do contrato do servizo de limpeza dos edificios e instalacións, cun valor estimado declarado de 1.290.128,24 euros.

Segundo.- O día 09.05.2019 a ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESAS DE LIMPEZA (ASPEL en adelante) interpuxo recurso especial en materia de contratación contra os pregos da licitación, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia, con enlaces na web deste Tribunal.

Terceiro.- Recibido o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, trasládase a ausencia, nese intre, de licitadores.

Cuarto.- O 14.05.2019 acordouse a medida cautelar de suspensión.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme aos artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- O recurso preséntase en nome dunha asociación de empresarios do ámbito sectorial que se corresponde co obxecto contractual e diríxese contra os pregos da licitación, polo que ostenta a debida lexitimación en base ao previsto no artigo 48 da LCSP.

Cuarto.- Os pregos da licitación foron publicados na Plataforma de contratos do sector público mediante anuncio do día 17.04.2019, polo que o recurso foi interposto dentro do prazo legal.

Quinto.- Impugnándose os pregos dun contrato de servizos cun valor estimado superior aos 100.000 euros, o recurso é admisible neses aspectos.

Sexto.- A asociación recorrente fundamenta a impugnación dos pregos da licitación por entender como incorrectamente calculado o orzamento da licitación por non cubrir *“los costes laborales del personal que actualmente viene prestando el servicio”*.

A estes efectos, argumenta a súa pretensión con cita de diversa doutrina de órganos administrativos e dos preceptos legais aplicables, ao que acompaña un apartado segundo que denomina *“cálculos”*.

Xa debemos salientar que na páxina 6 do recurso presentado o recorrente identifica o convenio a aplicar como o *“convenio del sector de aplicación en todo el ámbito de la Comunidad de Madrid”*, algo que evidentemente se afasta das condicións propias desta licitación e que afecta á carga de xustificación da súa postura.

Pois ben, centrados nese apartado de *“cálculos”* observamos que unicamente se recollen os cadros xustificativos que constan na cláusula 20 do PPT relativos ao número de horas e frecuencia de prestación do servizo. A recorrente nestes cadros substituíu a columna denominada no PPT *“costes horario”*, cun valor de 11,5 euros, polo que denomina *“euro/hora convenio provincial”*, asignándolle o valor de 12,44€ para todas as instalacións incluídas na táboa, para alcanzar así un importe anual superior ao previsto na licitación. Este feito tivo xa que ser comprobado por este Tribunal, pois ningunha mención se fai ao respecto no escrito do recurso.

Pero é que ademais, en ningún apartado do recurso se nos aparece que conste un cálculo que permita deducir a orixe deses 12,44 euros, e operacións ou razóns non só que demostren esta, senón nin sequera que busquen desvirtuar a corrección da cifra de 11,5 euros recollida polo órgano de contratación, máis alá de simplemente aportarse pola recorrente unha cifra diferente.

Resaltamos a este respecto que nos documentos da licitación constan debidamente desagregados os custos de persoal, coa debida diferenciación por categorías e con detalle dos demais custos directos e indirectos, dando cumprimento o órgano de contratación ao esixido polo artigo 100 da LCSP e permitindo, aos efectos aquí analizados, a interposición dun recurso debidamente fundado.

A maiores do indicado, este Tribunal acudiu ao convenio sinalado como aplicable nos documentos da licitación, sen que nas súas táboas salariais nos apareza, nin sexa directamente deducible das mesmas, a cifra aportada polo recorrente.

Este Tribunal xa indicou en numerosas ocasións que é carga do recorrente aportar argumentos que xustifiquen a súa impugnación. Concretamente, na Resolución 37/2019 indicabamos:

“Este Tribunal xa manifestou en diversos ocasións que corresponde ao recorrente a carga da súa impugnación, debendo incorporar nesta fase de recurso os argumentos necesarios en defensa da súa postura (por todas, Resolución TACGal 26/2018). E nun caso coma o presente, no que se pretende a revogación por incorrecto do orzamento dunha licitación, eses argumentos e cálculos alternativos aos

establecidos polo órgano de contratación deben constar no recurso presentado co suficiente detalle para permitir a este Tribunal a súa análise comparativa co orzamento impugnado, especificando con claridade os concretos defectos que motivan o recurso.”

Neste suposto atopámonos ante un recorrente que non efectúa o mínimo esforzo ou dilixencia esixible para sustentar a súa impugnación, limitándose exclusivamente a recoller unha cifra alternativa á establecida polo órgano de contratación nas condicións da licitación, sen ofrecer a este Tribunal nin razoamento, cálculo ou argumento que permita a análise da súa postura e, en consecuencia, da invalidez do feito impugnado.

Polo tanto, o único procedente é a desestimación do recurso presentado. Agora ben, tendo en conta o ata aquí sinalado nesta resolución e, ademais, que no escrito do recurso solicitouse expresamente a adopción da medida cautelar de suspensión do procedemento de licitación, este Tribunal entende procedente de conformidade co establecido no artigo 58 da LCSP, a imposición da multa mínima de 1.000 euros pola existencia de temeridade na interposición do recurso.

A este respecto, a xurisprudencia así considera a presentación de recursos carentes manifestamente de fundamento nos argumentos da impugnación. A Sentenza do Tribunal Supremo de 11 maio 2004, ditada no recurso 4634/2001, declara que apréciase a existencia de temeridade procesual *“cuando falta un serio contenido en el recurso que se interpone o cuando es clara la falta de fundamento en la cuestión que con él se suscita.”*

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Desestimar** o recurso interposto pola ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESAS DE LIMPEZA contra os pregos da licitación do contrato do servizo de limpeza dos edificios e instalacións dependentes do Concello de Tui.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Impoñer á asociación recorrente a multa de 1.000 euros ao apreciar temeridade na interposición do recurso, de conformidade co establecido no artigo 58.2 da LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.